

ACTA DE ENTREGA, A PROL DO CONCELLO DE VILA DE CRUCES, DO TREITO FINAL DA PO-204 DE TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA, XUNTO CO SEU DOMINIO PÚBLICO VIARIO

COMPARECE

Dunha parte, Yago Borrajo Sánchez, secretario xeral técnico da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, da Xunta de Galicia, por delegación da conselleira en virtude da Orde de 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e en outros órganos e entidade públicos adscritos a esta consellería (DOG 20/09/2017) en representación desta consellería.

Doutra parte, Luis Celso Taboada Sánchez, na súa condición de alcalde do Concello de Vila de Cruces, en representación desta entidade.

EXPOÑEN

O Concello de Vila de Cruces solicitou á Xunta de Galicia a titularidade do treito final da estrada PO-204, (p.q. 17+142 a p.q. 17+240) o cal se corresponde cunha parte da rúa Sergio Iglesias Pazos, integrado no núcleo urbano de Vila de Cruces. Trátase dun treito de estrada que non constitúe un itinerario entre capitalidades municipais, ao non ser o núcleo de Bandeira capital do municipio de Silleda. O p.q final, no núcleo de Vila de Cruces, non conecta coas estradas PO-905, PO-205 e PO-206, polo que non existe continuidade co resto da rede autonómica, e tamén cumpre co estipulado no punto 11 do artigo 18 do Regulamento xeral de estradas de Galicia (RXEG), relativo aos cambios de titularidade de treitos de estradas a favor de administracións de menor ámbito territorial.

Mediante o Decreto 1/2025, do 13 de xaneiro, (DOG núm.16 do 24 de xaneiro de 2025), a Comunidade Autónoma de Galicia aprobou o cambio de titularidade a favor do Concello de Vila de Cruces do treito final da PO-204 de titularidade da Xunta de Galicia, xunto co seu dominio público viario.



De acordo co establecido no artigo 3 do Decreto 1/2025, a entrega dos bens formalizarase no prazo dos tres meses seguintes a esta publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

En cumprimento do disposto no decreto de aprobación de cambio de titularidade e de conformidade co artigo 18.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia,

ACORDAN

Formalizar o cambio de titularidade, a prol do Concello de Vila de Cruces, do treito final da PO-204 de titularidade da Xunta de Galicia, xunto co seu dominio público viario

Denominación	Pq _i	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Pq _f	Coordenadas UTM (ETRS89 fuso 29)	Lonx. (metros)	Superficie DPV (m ²)
Treito final da PO-204 (rúa Sergio Iglesias Pazos)	17+142	X= 567.840 y= 4.738.158	17+240	X=567.910 y=4.738.227	98	1.162


E para que así conste, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas P.D (Orde de 7 de setembro de 2017 (DOG 20/09/2017) , o Secretario Xeral, Yago Borrajo Sánchez

O alcalde do Concello de Vila de Cruces, Luis Celso Taboada Sánchez

ANEXO I . PLANOS





567.500

568.000

568.500

P.K. ou Inicio/Final da transferencia

Inicio Pk 17+142 da PO-204

Final Pk 17+240 da PO-204

UTM X

567.840

567.910

UTM Y

4.738.158

4.738.227

Nº**Superficie DPV a transferir**

1 Franxa delimitada polo SP-PO

Área (m2)


1.162

Nº**Treito a transferir**

1 Treito final da PO-204 (Pks 17+142 a 17+240)

Lonx.(m)

98



4.739.000

4.739.000

4.738.500

4.738.500

4.738.000

4.738.000

4.737.500

4.737.500

Transferencia a prol do Concello de Vila de Cruces do treito final da PO-204 (Pks 17+142 a 17+240)

Eixo viario obxecto de transferencia ao Concello



Puntos quilométricos da transferencia

Eixo viario transferido anteriormente ao Concello

Eixo viario autonómico



Fito quilométrico autonómico

1:8.000

567.500

568.000

568.500



